

Índice de confianza do consumidor. Maio 2006.

COMUNICADO

Prodúcese un “descenso anticipado” dos indicadores resumen da enquisa

Baixan os saldos dos dous indicadores resumo principais

O Índice de confianza do consumidor (ICC) e o índice de sentimento do consumidor (ISC) truncan a súa tendencia ascendente que se dera tralo punto de inflexión de decembro de 2005 e sofren un descenso, pode que ocasional, no mes de maio de 2006, anticipándose uns meses ó que viña sendo habitual no comportamento destes indicadores.

Indicadores resumen

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2005		
Xaneiro	-23,7	-29,9
Febreiro	-22,1	-26,8
Marzo	-22,5	-28,7
Abril	-18,9	-28,2
Maio	-17,7	-27,8
Xuño	-15,2	-28,1
Xullo	-14,2	-25,1
Agosto	-16,9	-26,0
Setembro	-19,5	-26,9
Outubro	-21,1	-29,0
Novembro	-23,3	-30,7
Decembro	-22,5	-29,2
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Novo incremento do saldo das perspectivas de evolución do emprego.


Dende outubro de 2005, mes no que este saldo mostrou un valor de $-17,7$ puntos, o saldo non deixou de mellorar.

O último dato é consecuencia do optimismo co que os galegos afrontan a chegada da temporada estival e arroxa unha cifra de $-0,3$; dato unicamente mellorado nos meses de xuño e xullo do ano pasado.

Esta é a única compoñente do ICC que mellora o seu saldo con respecto ó pasado mes de maio.

Saldo positivo da situación financeira persoal actual.

Despois dos incrementos do nivel actual da situación financeira persoal nos meses pasados, este saldo baixaba en marzo e situábase en $-0,3$ puntos. No mes de abril de 2006 novamente se torna positivo e neste mes de maio de 2006 chega a 1 punto. De seguir a tendencia dos anos pasados o saldo seguirá mellorando nos próximos meses aínda que dunha forma suave.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor



Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>